

"BASES PARA A SELECCIÓN TEMPORAL DE 1 DESEÑADOR/A GRÁFICO PARA O CENTRO OCUPACIONAL VILALBA TERRA-CHÁ A TRAVÉS DA SUBVENCIÓN PARA A CONTRATACIÓN DE TRABALLADORES DESEMPREGADOS POLAS ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO, PROGRAMA COOPERACIÓN CON ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO 2022"

Expte TR352A 2022/167-00

Vista a necesidade de adoptar unha resolución sobre o procedemento ó que se refire esta resolución, en aras dos principios de eficacia e celeridade administrativa recollidos na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, e na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Visto que nas citadas bases se estipula que é imprescindible que “as persoas traballadoras que sexan contratadas para a realización dos proxectos polos cales se outorgue a subvención deberán ser, en todo caso, persoas desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e que estean dispoñibles para o emprego”.

Visto que a persoa contratada no proceso realizado con data 28/11/22, Dña Sila Cela Ferreiro renunciou ao contrato con data 27 de Xaneiro de 2023 e foi substituída por Dña Ana Gómez Sastre con data 30 de Xaneiro de 2023 por ser a persoa que quedou en segundo posto no proceso de selección antedito.

Visto que Dña Ana Gómez Sastre renunciou ao contrato con data 31 de Xullo de 2023 e que non pode ser substituída por ningunha das persoas que integran a lista resultante do mencionado proceso de selección por non estaren dispoñibles para a contratación.

De acordo coas facultades conferidas polo art. 21.1 da Lei 7/85 reguladora das Bases de Réxime Local e de conformidade co establecido na Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Réxime xurídico do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas lei 39/2015.

RESOLVO:

Aprobar as bases de contratación urxente de:

"BASES PARA A SELECCIÓN TEMPORAL DE 1 DESEÑADOR/A GRÁFICO PARA O CENTRO OCUPACIONAL VILALBA TERRA-CHÁ A TRAVÉS DA SUBVENCIÓN PARA A CONTRATACIÓN DE TRABALLADORES DESEMPREGADOS POLAS ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO, PROGRAMA COOPERACIÓN CON ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO"

1.- OBXECTO.

- É obxecto das presentes bases a cobertura, mediante contrato laboral temporal dende a formalización do contrato ata o 6 de decembro de 2023 cunha xornada a tempo parcial do 75% dun deseñador/a gráfico para o Centro Ocupacional Vilalba Terra-Chá.
- O sistema selectivo elexido é o de concurso-entrevista.

2.- REQUISITOS:

Non poderán ser contratadas, con cargo ás axudas previstas nesta orde, as persoas traballadoras que fosen contratadas por un período igual ou superior a seis meses, ao abeiro das axudas concedidas polas ordes da Consellería de Economía, Emprego e Industria (actual Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade), no ámbito de colaboración coas entidades sen ánimo de lucro en materia de políticas activas de emprego, para a contratación de persoas traballadoras desempregadas, que a seguir se relacionan:

- Orde do 2 de maio de 2018 (DOG núm. 92, do 15 de maio: TR352C 2018).
- Orde do 9 de maio de 2019 (DOG núm. 98, do 24 de maio: TR352C 2019).

- Orde do 31 de xullo de 2020 (DOG núm. 162, do 13 de agosto: TR352A 2020).
- Orde do 3 de agosto de 2021 (DOG núm. 159, do 19 de agosto: TR352A 2021).

3. Así mesmo, non poderán ser contratadas con cargo a esta orde as persoas desempregadas que tivesen traballado para a entidade beneficiaria durante máis de tres meses, dentro dos últimos doce meses anteriores á data de contratación que derive desta orde, ou ben traballasen para a entidade beneficiaria durante os dous meses anteriores á devandita data de contratación.

Tampouco poderán ser contratadas con cargo a esta orde as persoas cónxuxes, ascendentes, descendentes e demais parentes, por consanguinidade ou afinidade, ata o segundo grao inclusive, das persoas que ocupen funcións directivas na entidade.

3.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

Todas as persoas que presenten a súa candidatura directamente a entidade . Todas as persoas derivadas da Oficina de Pública de Emprego, segundo oferta de emprego tal efecto.

4.- PROCEDIMENTO SELECTIVO.

- A data e lugar na que se celebrará o concurso-entrevista anunciarase telefónicamente pola dirección do centro aos candidatos/as.

As presentes bases faránse públicas na páxina web do Centro Ocupacional www.centroocupacionaldevilalba.org

O Tribunal non poderá declarar que superaron as probas selectivas un número superior de aspirantes ao de prazas convocadas

- A selección dos aspirantes realizarase a través do sistema de concurso-entrevista. Constará, xa que logo, de dúas fases. A fase de concurso valerá un 60%, e a de entrevista un 40%.

- FASE DE CONCURSO. Máximo 12 Puntos.

- Experiencia laboral (máximo 6 puntos):

- Por servizos prestados en entidades sen ánimo de lucro que traballen con persoas con discapacidade intelectual, ou na Administración Local, como deseñador/a: 0,10 puntos por mes completo de servizos.

- Por servizos prestados en empresas como deseñador/a gráfico: 0,05 puntos por mes completo de servizos.

Os extremos anteriores acreditaranse mediante copia do contrato ou certificación expedida polo Organismo oficial no que se prestaron os servizos co detalle dos mesmos e as datas de inicio e fin da relación funcional e/ou laboral ou fotocopia compulsada da resolución de nomeamento, acta de toma de posesión ou contrato de traballo Non se computarán servizos prestados por tempo inferior a un mes logo da suma de todo o período de traballo valorado en cada un dos apartados e os meses consideraranse de 30 días naturais. A puntuación reducirase proporcionalmente en caso de servizos prestados a tempo parcial.

- Formación complementaria relacionada co posto, e coa discapacidade intelectual. Valorarase ata un máximo de 6 puntos.

- Curso de primeiros auxilios: 0,10 puntos.

- Cursos de entre 10 e 30 horas : 0,10 puntos

- Cursos de entre 31 a 100 horas : 0,30 puntos

- Cursos ou títulos de entre 101 a 200 horas: 0,50 puntos

- Cursos ou títulos de máis de 200 horas: 0,75 puntos.

A xustificación deste apartado realizarase mediante orixinal do correspondente título ou diploma no que debe constar a duración do curso/estudos en horas e como mínimo o título do mesmo e a correspondente homologación de ser o caso, ou ben certificación expedida polo organismo que o impartiu no que se fagan constar os mesmos datos. Os cursos nos que non se acredite o número de horas non se valorarán. Tampouco os inferiores a 10 horas de duración e os diplomas relativos a xornadas, simposios, seminarios e similares. Non se terán en conta as asignaturas ou materias aprobadas que formen parte de titulacións académicas

- FASE DE ENTREVISTA PROFESIONAL. Máximo 8 Puntos.

Será unha entrevista na que se valorará á adaptación ó posto, especialmente a adaptación ao traballo con persoas con discapacidade intelectual.

- Empate dos candidatos: En caso de empate realizarase o desempate por sorteo.

5.- TRIBUNAL CALIFICADOR.

- O Tribunal Calificador estará composto polos seguintes membros, de conformidade co disposto no artigo 60 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público:

Un Presidente: Un/ha funcionario/a de carreira da corporación designado/a pola Presidenta da Fundación para a Protección de persoas con discapacidade Psíquica Vilalba Terra-Chá con nivel de titulación igual ou superior á esixida para o ingreso no corpo e escala da presente convocatoria, que será Dna. Mónica Bello Novo.

Un Secretario/a: Un funcionario/a de carreira da corporación ou persoal laboral fixo designado/a pola Presidenta da Fundación para a Protección de persoas con discapacidade Psíquica Vilalba Terra-Chá con nivel de titulación igual ou superior á esixida para o ingreso no corpo e escala da presente convocatoria, que será D. Mauro Chico Carballas

Un Vogal: Funcionarios/as de carreira ou laboral fixo pertencente a unha administración local designados/as pola Presidenta da Fundación para a Protección de persoas con discapacidade Psíquica Vilalba Terra-Chá con nivel de titulación igual ou superior á esixida para o ingreso no corpo e escala da presente convocatoria, que será Dna Eva Paz Gonzalez

Un Vogal: Funcionarios/as de carreira ou laboral fixo pertencente a unha administración local designados/as pola Presidenta da Fundación para a Protección de persoas con discapacidade Psíquica Vilalba Terra-Chá con nivel de titulación igual ou superior á esixida para o ingreso no corpo e escala da presente convocatoria, que será D. Alejandro MAseda Mayo

Un Vogal: Funcionarios/as de carreira ou laboral fixo pertencente a unha administración local designados/as pola Presidenta da Fundación para a Protección de persoas con discapacidade Psíquica Vilalba Terra-Chá con nivel de titulación igual ou superior á esixida para o ingreso no corpo e escala da presente convocatoria, que será D. Sandra Díaz Alvarez.

- Non poderán formar parte do Tribunal: O persoal de elección ou de designación política, os funcionarios interinos, ou persoal eventual e os representantes da Xunta ou Delegados de Persoal, conforme ao disposto no Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público. A

pertenencia ao Tribunal será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén.

- O Tribunal poderá contar, para todas ou algunhas das probas, coa colaboración de asesores técnicos, con voz e sen voto, os cales deberán limitarse ao exercicio da súa especialidade técnica. Contará para esta convocatoria con Dña. Cristina Prado Rouco, traballadora do Centro Ocupacional.
- Os membros do Tribunal deberán absterse de formar parte do mesmo e de intervir cando concorran as circunstancias previstas no artigo 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro de Regimen Xurídico do Sector Público, notificándoo á autoridade convocante, e de conformidade co disposto no artigo 13 do R.D. 364/1995, de 10 de marzo, calquera aspirante poderá recusalos, cando concorran algunha de devanditas circunstancias.
- O Tribunal só poderá actuar válidamente coa asistencia en todo caso do Presidente, do Vogal e o Secretario, titulares ou suplentes, indistintamente. Corresponderalle dilucidar as cuestións suscitadas durante o desenvolvemento do proceso selectivo, velar polo bo desenvolvemento do mesmo, cualificar as probas establecidas e aplicar os baremos correspondentes.

A actuación do tribunal axustarase estrictamente ás bases da convocatoria. No entanto, o Tribunal resolverá as dúbidas que xurdan da súa aplicación e poderá tomar os acordos que correspondan para aqueles supostos non previstos nas bases facultándolles estas para iso.

- As resolucións do Tribunal vinculan á Fundación Para a Protección de Persoas con Discapacidade Psíquica Vilalba Terra Chá sen prexuízo de que esta, no seu caso, poida proceder a súa revisión conforme ao previsto nos artigos 106 e seguintes da Lei 39/2015 e o artigo 14 do R.D. 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos funcionarios Civís da Administración Xeral do Estado.

• RELACIÓN DE PUNTUACIÓN NO CONCURSO

Terminada a cualificación dos/as aspirantes o Tribunal publicará a relación de aspirantes por orde de puntuacións, non podendo pasar este o número de prazas convocadas e elevará dita resolución á Presidenta da Fundación para a Protección de persoas con discapacidade Psíquica Vilalba Terra-Chá para que formule o nomeamento pertinente.

• NOMEAMENTO E TOMA DE POSESIÓN. CONTRATO LABORAL.

- Concluído o proceso selectivo e aportados os documentos a que se refire a fase anterior, a presidenta da Fundación para a Protección de Persoas con Discapacidade Psíquica Vilalba Terra-Chá, de acordo coa proposta do Tribunal Calificador procederá a formalización do contrato laboral

temporal por un prazo de doce meses, iniciando a prestación laboral no prazo de 1 día hábil desde a formalización do contrato.

- Quen sen causa xustificada non compareza para a formalización do contrato no prazo sinalado perderá todos os dereitos derivados da convocatoria e do nomeamento conferido.

- **RETRIBUCIÓN:**

As retribucións íntegas do profesor de taller serán conforme ó disposto no XV Convenio Colectivo Xeral de Centros e Servizos de Atención ás Personar con Discapacidade.

- **Impugnación:**

Contra a resolución de aprobación das presentes bases, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer os recursos que se expresan a continuación: De reposición potestativo, no prazo dun mes, a contar desde o seguinte día hábil á recepción da súa notificación, ante o mesmo órgano municipal que dictou o acto impugnado, conforme ao establecido nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A interposición do recurso de reposición, excepto nos casos en que unha disposición estableza o contrario, non suspenderá a execución do acto impugnado, de acordo co disposto no art. 117 da Lei 39/2015, de 1 de outubro. Ou ben interpoñer directamente recurso contencioso administrativo, sen necesidade de interpoñer previamente o recurso de reposición potestativo, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses a contar desde o seguinte día hábil á recepción da presente notificación, na forma e cos requisitos esixidos na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contenciosa administrativa.

En caso de optar polo recurso potestativo de reposición non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio administrativo.

Todo iso sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que se estime conveniente.

Dar traslado do presente acordo ao Padroado da Fundación para a Protección de persoas con Discapacidade Psíquica Vilalba Terra-Chá.

Mándao e asíno a Sra. Presidenta da Fundación para a Protección de persoas con discapacidade Psíquica Vilalba Terra-Chá

En Vilalba 7 de Agosto de 2023

